


GALICIA LITORAL

GALICIA *litoral*



GUÍA DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES
DE TEMPADA NO LITORAL DE GALICIA
PARA O ANO 2026

ÍNDICE DE CONTIDOS



SERVIZOS DE TEMPADA: Definición e conceptos xerais

- 01_ Que se entende por servizos de tempada?
- 02_ Cal é a duración da tempada
- 03_ Cal é a vixencia das autorizacións?
- 04_ Casos especiais
- 05_ Cales son os principais requisitos da ocupación?


SOLICITUDES E PRAZOS

- 06_ Quen pode solicitar a autorización e prazos para facelo
- 07_ Como presentar a solicitude
- 08_ Criterios para o outorgamento das autorizacións
- 09_ Outros elementos da autorización

CONTACTO

- 10_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

ANEXO: normativa aplicable



SERVIZOS DE TEMPADA:

Definicións e conceptos xerais



01_ Que se entende por servizos de tempada?

Os servizos de tempada son determinadas instalacións, actividades e servizos que funcionan durante a tempada estival (ver duración no seguinte punto) e que requiren unicamente de instalacións desmontables, a excepción das instalacións fixas existentes amparadas pola correspondente concesión ou autorización.

- **No dominio público marítimo-terrestre (DPMT):**
 - i. Establecementos expendedores de comidas e bebidas; e terrazas.
 - ii. Instalacións de alugueiro de equipamentos de praia: hamacas, antucas, hidropedais, canoas, entre outros.
- **Na zona de servidume de protección (ZSP):**
 - i. Establecementos expendedores de comidas e bebidas.
 - ii. Elementos desmontables (terrazas) asociados a establecementos fixos xa existentes.
 - iii. Outras actividades de servizo ao público para o goce do litoral e os usos comúns propios dese espazo.

02_ Cal é a duración da tempada

A tempada abrangue desde o comezo de **Semana Santa** (venres anterior ao Venres Santo) ata o **31 de outubro de cada ano**.

03_ Cal é a vixencia das autorizacións?

Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por **un prazo máximo de ata 4 anos**.

As instalacións deberán desmontarse ao rematar cada tempada, mesmo cando a autorización abraza varios anos.

04_ Casos especiais

04_01 Servizos de formación e ensino

Os servizos de formación e ensino de actividades deportivas ou recreativas vinculadas ao uso e gozo do dominio público marítimo-terrestre (por exemplo, unha escola de surf na praia) poderán desenvolverse durante calquera época do ano.

Os concellos poderán incluír estes servizos no seu plan de explotación; en caso contrario, as persoas físicas ou particulares interesadas **poderán solicitar a correspondente autorización a través do procedemento MT701A (outras autorizacións).**

04_02 Terrazas en dominio público marítimo-terrestre vinculadas a establecementos fóra do mesmo:

As terrazas situadas nos tramos urbanos, en beirarrúas e paseos marítimos, que estean vinculadas a establecementos fóra do dominio público marítimo-terrestre, poderán instalarse durante calquera época do ano.

Os concellos poderán incluír estas instalacións no seu plan de explotación; en caso contrario, as persoas físicas ou particulares interesadas **poderán solicitar a correspondente autorización a través do procedemento MT701A (outras autorizacións).**

04_03 Eventos, espectáculos públicos e actividades turísticas, recreativas ou deportivas

Os eventos e actividades, turísticas, recreativas ou deportivas de carácter temporal

que se celebran no litoral, se ben adoitan concentrarse na tempada estival, **non** se rexen polo período fixo dos servizos de tempada, polo que se poden realizar noutras datas.

Concretamente, **na zona de servidume de protección**, a celebración de espectáculos públicos e outras actividades recreativas ou deportivas que teñan unha data concreta, dentro ou fóra do verán, poderá autorizarse se cumpren co estipulado no artigo 26 do Decreto 97/2019.

Así mesmo, **nos tramos urbanos das praias** poderán celebrarse os eventos de interese xeral con repercusión turística previstos no artigo 66 do Regulamento Xeral de Costas (Real Decreto 876/2014), e no resto do dominio público marítimo-terrestre, poderán celebrarse eventos, actividades, xornadas, competicións ou campionatos, **cunha duración máxima de 15 días**, cando non poidan ter outra localización.

Para a autorización destes eventos:

- A solicitude deberá presentarse cunha **antelación mínima dun mes** respecto da data prevista para a súa celebración, a través do procedemento MT701A (eventos).
- En caso de dominio público marítimo-terrestre, os concellos poderán incluír estes eventos no seu plan de explotación, e a autorización do dito plan suporá a autorización para celebrar os mesmos.

05_ Cales son os principais requisitos da ocupación?

Estes serían os requisitos máis relevantes, sen prexuízo doutras condicións establecidas na normativa vixente:

05_01 Requisitos xerais relativos ao desfrute do dominio público marítimo-terrestre:

- Só se permitirá ocupar o dominio público marítimo-terrestre para **actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización**. Esta ocupación deberá ser a mínima posible.

- A ocupación total da superficie da praia considerada en preamar non poderá superar:

50% en praias urbanas

10% en praias naturais

A catalogación dos tramos naturais e urbanos das praias de Galicia é a establecida no Anexo do [Decreto 38/2019](#), do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG núm. 72 do 12.04.2019).

- As edificacións de servizo de praia situaranse, preferentemente, fóra dela. Cando non sexa posible a localización exterior, sobre o paseo marítimo ou terreos lindeiros, poderanse situar encostadas ao límite interior da praia. En todo caso, calquera que sexa a actividade que vaia desenvolverse, deberá deixarse libre permanentemente unha franxa de 6 metros, como mínimo, desde a beira en pleamar.
- No referido á **publicidade**, o artigo 81 do Regulamento Xeral de Costas establece limitacións, admitíndoa só en casos concretos baixo certas condicións.

05_02 Requisitos xerais relativos ás instalacións:

- Enténdese por instalacións de natureza desmontable aquelas que:
 - i. Precisen como máximo obras puntuais de cimentación, que en todo caso non sobresaíran do terreo.
 - ii. Estean constituídas por elementos de serie prefabricados, módulos, paneis ou similares, sen elaboración de materiais en obra nin emprego de soldaduras.
 - iii. Poidan montarse e desmontarse mediante procesos secuenciais, podendo realizarse o seu levantamento sen demolición e sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable.
- Ocupación máxima: as instalacións non poderán superar os **70 metros cadrados** de superficie, dos cales **20 metros cadrados** como máximo, poderán destinarse a zona pechada. Non se inclúe no cómputo a ocupación correspondente aos aseos públicos e gratuítos.
- Só se permitirán instalacións cun único andar
- Almacenamento exterior: non se permite almacenar fóra do establecemento envases, caixas, cubos ou aparellos que menoscaben a estética visual do lugar.
- Infraestruturas e saneamento: todas as conducións de servizos do establecemento deben ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eliminación eficaz de augas residuais e ausencia de malos cheiros.

- As instalacións destinadas a actividades deportivas deberán situarse exclusivamente nos tramos urbanos das praias, sen prexuízo das autorizacións adicionais que se requiran. Preferentemente, estas deberán situarse fóra da praia, e, cando isto non sexa posible, no seu extremo.
- Distancia entre ocupacións: con carácter xeral, deberá gardarse unha separación mínima de **100 metros en servidume de protección** respecto de calquera outra instalación, mentres que en dominio público marítimo-terrestre, non poderá ser inferior a **300 metros nos tramos naturais de praias** e, como mínimo, de **100 metros, nos tramos urbanos**.

05_03 Requisitos específicos para a celebración de eventos e actividades turísticas, recreativas ou deportivas.:

- As instalacións empregadas deben estar vinculadas á actividade e limitarse ás datas autorizadas, sendo **temporais e desmontables**.

Polo que se refire ao deseño e condicións das instalacións, procurarase unha adecuación paisaxística na contorna, de ser necesario mediante os materiais da envolvente e elementos funcionais exteriores. Así mesmo, velarase pola súa biosostibilidade no que se refire a eficiencia enerxética, tratamento de residuos e demais elementos.

- Establécense **limitacións á publicidade**, debendo cumprir co disposto no artigo 3.1 d) do Decreto 97/2019 e co artigo 81 do Regulamento Xeral de Costas, segundo corresponda.
- Debe garantirse a **seguridade das persoas** e adoptarse as medidas

necesarias para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume.

- Calquera instalación debe ser **retirada ao rematar o evento**, deixando a zona nas mesmas condicións nas que se atopaba.
- No suposto de eventos de interese xeral con repercusión turística que se desenvolvan nos tramos urbanos de praia deberá **xustificarse a declaración do acto como tal**.

Considerarase eventos de interese xeral con repercusión turística os que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

- i. Os declarados como de interese turístico internacional, nacional, autonómica ou local, polo órgano competente.
- ii. Os eventos deportivos ou culturais que, aínda celebrándose de forma esporádica, teñan repercusión internacional, nacional, autonómica, ou local.



SOLICITUDES E PRAZOS



06_ Quen pode solicitar a autorización e prazos para facelo

06_01 Autorización de servizos de tempada no dominio público marítimo-terrestre:

- **Concellos**

Os concellos teñen dereito preferente para solicitar a autorización de explotación dos servizos de tempada no dominio público marítimo-terrestre.

Prazo de solicitude: do 1 de outubro ata o 30 de outubro de 2025

Para o caso de que os concellos asuman a xestión dos servizos de tempada, corresponderalles a eles mesmos a tramitación do procedemento de adxudicación a terceiros:

- a. Deberán publicar os anuncios correspondentes, indicando os prazos para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación.
- b. Os pregos que rexan estas convocatorias deberán ser publicados.
- c. O prazo de explotación por terceiros non poderá exceder do prazo da autorización outorgada ao concello.

- **Outras persoas físicas ou xurídicas**

Naqueles concellos que non asumisen a xestión dos servizos de tempada, a autorización poderá concederse a outras persoas físicas ou xurídicas.

A relación dos concellos que asumiron a devandita xestión publicarase no espazo web: <https://www.xunta.gal/medio-ambiente/galicia-litoral>

Prazo de solicitude: desde o 17 de novembro ata o 31 de decembro.

06_02 Autorización de servizos de tempada na zona de servidume de protección

Prazo de solicitude: desde o 1 de outubro ata o 31 de decembro de 2025.

Procedemento: MT701A (ZSP: Servizos de tempada)

As solicitudes anticipadas, é dicir, as presentadas antes do 1 de outubro, serán inadmitidas.

As solicitudes fóra de prazo, presentadas despois do 31 de decembro, considéranse extemporáneas e, con carácter xeral, serán inadmitidas. Con todo, poderanse aceptar se non existen autorizacións concedidas para a mesma praia. Neste caso, serán outorgadas só para a tempada actual.

07_ Como presentar a solicitude

07_01 Presentación electrónica (preferente)

As solicitudes de autorización de servizos de tempada presentaranse preferentemente de forma electrónica a través do procedemento MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Para a súa presentación poderanse empregar todos os sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica, incluída a Chave 365.

A solicitude deberá **dirixirse ao departamento territorial** da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente ao lugar no que se vaia desenvolver a actuación.

Obrigados á presentación electrónica

A presentación electrónica da solicitude é obrigatoria para:

- Administracións públicas distintas da propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico.

- Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica e persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal requiran de colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional.
- Representantes dunha das persoas anteriores.
- Persoas empregadas das administracións públicas, nos trámites realizados na súa condición de empregado público no exercicio das súas funcións.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Considerarase como **data de presentación, aquela na que fose realizada a emenda.**

07_02 Presentación presencial (opcional)

Para quen non está obrigado á presentación electrónica, a solicitude poderá entregarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Nestes casos, tamén se utilizará o formulario normalizado, MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

07_03 Selección do tipo da autorización

No formulario MT701A, deberase indicar o subtipo de autorización que se solicita, elixindo entre as seguintes opcións:

a. Autorización de uso ou ocupación en dominio público marítimo-terrestre:

- Servizos de tempada. Plans de explotación (concellos)

- Servizos de tempada. Particulares
- Eventos
- Outras autorizacións

b. Autorización de uso en zona de servidume de protección:

- Servizos de tempada

07_04 Documentación complementaria

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a **documentación complementaria correspondente**, segundo o tipo de autorización solicitada.

i. Para todas as solicitudes:

a. Documentación relativa ás obras ou instalacións que se pretenden realizar:

a.1. Para o caso de obras non menores, proxecto básico das obras ou instalacións, subscrito por persoal técnico competente, que incluirá:

- Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso
- Planos: situación, plantas, alzados, seccións características e topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1000.

Os planos incluirán a representación do deslinde, do límite interior da ribeira do mar e das servidumes de tránsito e de protección. Ademais, deberase identificar a superficie ocupada, tanto de superficie pechada como a de mesas e cadeiras no exterior e a situación respecto ao deslinde do dominio público marítimo-terrestre.

- Orzamento

a.2. Para o caso de obras menores: Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e orzamento detallado por partidas. Incluirá planos de definición de plantas, alzados e seccións

b. Plano de situación e emprazamento no cal deberá figurar grafada a situación e a ocupación exacta da actuación solicitada e incluír a representación do deslindamento, do límite interior da ribeira do mar e das servidumes de tránsito e de protección, de acordo cos planos oficiais do órgano correspondente da Administración do Estado.

c. Información fotográfica completa da zona.

ii. Ademais do anterior, para o caso de solicitudes situadas en zona de servidume de protección:

a. Certificación municipal de cualificación urbanística do solo.

b. Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

lii. Ademais do anterior, para o caso de solicitudes situadas en zona de dominio público marítimo terrestre:

a. Para o caso de concellos que queiran optar pola explotación dos servizos de tempada, o correspondente Plan de explotación (dispoñible modelo en <https://www.xunta.gal/es/medio-ambiente/galicia-litoral>)

b. Para o caso de servizos de formación e ensino, certificado de estar o solicitante rexistrado, recoñecido ou homologado pola Federación Española de Surf, a Federación Galega de Surf ou outra de ámbito autonómico.

b. Para o caso de eventos, espectáculos públicos e actividades turísticas, recreativas ou deportivas solicitados por particulares, informe favorable do concello correspondente.

08_ Criterios para o outorgamento das autorizacións

08_01 Servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre

De conformidade co establecido no artigo 53 da Lei de Costas e no artigo 113 do Regulamento Xeral de Costas, os concellos poden solicitar con carácter preferente a autorización de explotación de servizos de tempada nas praias que só requiren de instalacións desmontables.

Nos demais supostos, cando se presente máis dunha solicitude para unha localización similar, seguirase **un criterio de prioridade na súa presentación**, agás criterios de utilidade pública.

08_02 Servizos de tempada na zona de servidume de protección

Na concesión das autorizacións terase en conta **a prioridade na súa presentación**, agás criterios de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 22 do Decreto 97/2019.

09_ Outros elementos da autorización

09_01 Canon de ocupación do dominio público marítimo-terrestre

A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre.


Previamente ao comezo da actividade, o adxudicatario deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación ou Servizo Provincial de Costas do Ministerio para la Transición Ecolóxica e el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas.

As entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, estarán exentas do pago de canon de ocupación nas concesións ou autorizacións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que aquelas non sexan obxecto de explotación lucrativa, directamente ou por terceiros.

09_02 Constitución de fianza

Para usos e instalacións na zona de dominio público marítimo-terrestre poderá esixirse a constitución dunha fianza, a favor da Dirección Territorial correspondente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo importe que se determine en función da ocupación solicitada. A dita fianza poderá manterse, se é o caso, ata que se complete correctamente a desinstalación.

Para o caso de solicitarse esta fianza, con carácter previo á resolución deberá acompañarse o documento acreditativo de tela constituído. No documento deberá constar a identificación da persoa interesada, a zona e o termo municipal en que pretenda prestarse o servizo.



CONTACTO



10_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

10_01 Teléfono de información 012



Ponse a disposición das persoas interesadas unha canle de atención e información á cidadanía a través do **teléfono 012**, para facilitar o cumprimento dos trámites e dar asesoramento en materia de litoral. A través deste servizo facilitarase información sobre o procedemento de autorización para os servizos de tempada.



10_02 Datos de contacto

Servizo do Litoral da Coruña

Teléfono: 881881018 / 981184716

Email: litoral.medio-ambiente.coruna@xunta.gal

Servizo do Litoral de Lugo

Teléfono: 982889729/ 982294394


Email: litoral.medio-ambiente.lugo@xunta.gal

Servizo do Litoral de Pontevedra

Teléfono: 986805654

Email: litoral.medio-ambiente.pontevedra@xunta.gal

Bases e plans de explotación: litoral.medioambiente@xunta.gal



ANEXO:
normativa aplicable



ANEXO: Principal normativa aplicable

Normativa autonómica

[Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia](#)

Establece as condicións para o outorgamento de autorizacións e concesións no litoral galego. Nomeadamente, os artigos 48 e 49 regulan os títulos de intervención administrativa que poden concorrer sobre os usos do dominio público marítimo-terrestre e a zona de servidume de protección.

[Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral](#)

Habilita o procedemento MT701A para a presentación de solicitudes e define os órganos competentes para a súa resolución.

[Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre \(código de procedemento MT701A e MT701B\)](#)

Regula as autorizacións temporais e de servizos de tempada na zona de servidume de protección



Normativa estatal

[Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas](#)

Determina, entre outros, o concepto de dominio público marítimo-terrestre e servidume de protección e establece a regulación básica dos títulos habilitantes necesarios para o seu uso e ocupación.

[Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas](#)

Desenvolve a Lei de Costas regulando os procedementos e condicións aplicables ao uso do dominio público marítimo-terrestre. Os artigos 110 a 170 regulan o réxime xeral das autorizacións, concretándose nos artigos 113 e 114 as autorizacións para servizos de tempada nas praias, mentres que o seu réxime de utilización se establece nos artigos 65 a 84.

[Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral](#)

Entre outras funcións, traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión, supervisión e control das autorizacións de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre.

[Orde de 30 de outubro de 1992 pola que se determina a contía do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, establecido no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas](#)

Establece o canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, regulando a súa contía, pagamento, revisión e posibles exencións ou reducións.

